

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS 2012
SUBDIRECCIÓN XERAL DE AUTORIZACIÓN E INSPECCIÓN DE SERVIZOS
SOCIAIS
CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR

30 de xaneiro de 2012

INDICE:

- 1. OBXECTIVOS E FUNCIÓNS DA INSPECCION DE SERVIZOS SOCIAIS
- 2. PLAN DE INSPECCIÓN E ÁMBITO
- 3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN 2012
- 4. OBXECTIVOS DE CADA UN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN

1. OBXECTIVO E FUNCIÓNS DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

A inspección de Servizos Sociais ten por función verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de xeito que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se prestan á cidadanía no territorio galego.

A actuación da inspección baséase nos principios de eficacia, responsabilidade, accesibilidade e servizo á cidadanía e cooperación interadministrativa.

De conformidade co artigo 73 Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia son funcións da inspección de servizos sociais:

- a) Verificar o cumprimento dos requisitos e condicións esixibles para a obtención das preceptivas autorizacións administrativas e para a acreditación das entidades, dos centros e dos programas sociais.
- b) Velar polo respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais.
- c) Controlar o cumprimento da normativa vixente e o nivel de calidade dos servizos sociais que se presten no territorio de Galicia, e formular propostas de mellora na súa calidade.
- d) Asesorar, no exercicio das actuacións de inspección, ás entidades prestadoras, titulares ou xestoras de servizos sociais e ás persoas usuarias ou aos seus representantes legais, sobre os seus dereitos e deberes e sobre a forma de cumprir as disposicións vixentes na materia.
- e) Emitir informes sobre o destino e a adecuada utilización das subvencións e axudas públicas percibidas por persoas físicas ou xurídicas en materia de servizos sociais, así como de calquera outra axuda

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

económica articulada a través de convenios, contratos ou outras figuras establecidas na normativa vixente.

- f) Recibir, investigar e contestar queixas e reclamacións.
- g) Emitir informes de inspección e propoñer a iniciación de expedientes sancionadores, de adopción de medidas cautelares, de clausura de centros, de suspensión das actividades e de revogación e suspensión das autorizacións e acreditacións concedidas.
- h) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas pola normativa vixente na materia.

2. PLAN DE INSPECCIÓN E ÁMBITO

O plan de inspección fixará os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabore. Ademais recollerá os datos referidos ao ano anterior e avaliará o grao de cumprimento da planificación realizada.

Están suxeitos á inspección de servizos sociais todas as entidades, públicas e privadas, que desenvolvan servizos sociais no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN ANO 2012

3.1 Liña 1: Información e asesoramento en materia de rexistro e autorización de servizos sociais. *A continua evolución dos servizos sociais e o dinamismo das entidades que os desenvolven, require o reforzamento da información que subministra a administración, tanto no que se refire aos requirimentos para a autorización de novos servizos, como no referido aos recursos de servizos sociais existentes no ámbito da Comunidade Autónoma.*

- a) A recente aprobación do Decreto 254/2011 de 23 decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia require actualizar e ampliar a información vía web relativa aos procedementos de rexistro de entidades e autorización de Servizos Sociais, co fin de facilitar o coñecemento e a aplicación da nova normativa reguladora**
- b) Implementar novas utilidades e contidos na aplicación do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (en adiante RUEPSS) co fin de facilitarlle:**
 - b.1 Aos/as cidadadáns unha ferramenta de coñecemento dos servizos sociais que desenvolven actividades na Comunidade Autónoma de Galicia.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

b.2 Ás entidades prestadoras de servizos sociais, unha ferramenta de xestión e difusión dos datos dos centros e programas autorizados.

b.3 Aos xestores internos, unha fonte de información actualizada dos datos dos recursos existentes e do financiamento que perciben

c) Reforzar o asesoramento ás entidades e/ou ás persoas particulares para a posta en marcha de novos servizos ou a modificación dos existentes.

Continuarase na liña de asesoramento ás entidades mediante o mantemento de reunións informativas e a emisión de informes técnicos que determinen a viabilidade da autorización dos equipamentos que os/as particulares dexesen autorizar como centros de servizos sociais, coa finalidade de que poidan avaliar o seu proxecto con maior seguridade no que respecta á súa adecuación e ao cumprimento da normativa técnica vixente

Así mesmo prestarase asesoramento sobre os servizos e os requirimentos funcionais a ter en conta de cara a optimización dos recursos e o aseguramento da calidade dos servizos de nova creación

3.2 Liña 2: Inspección e control. *A maior complexidade das necesidades sociais e dos servizos a prestar requiren un maior control das actividades e dos fondos públicos destinados á súa prestación, así como unha supervisión máis intensa na protección dos dereitos das persoas destinatarias dos servizos.*

a) Diversificación e ampliación das actividades inspeccionadas. Como novidade este ano se recolle no plan de inspección a realización de:

- ✦ **80 inspeccións sobre as libranzas vinculadas a servizos** de atención a persoas en situación de dependencia (20 de SAF e 60 de servizo de atención diurna e residencial)
- ✦ **20 inspeccións a beneficiarios da renda de integración social de Galicia (RISGA)** en especial no referido ao comprobación á adecuación das situacións declaradas nos expedientes á situación real de **convivencia** e ao **número de conviventes** que forman as unidades familiares, e a detección de actividades laborais continuadas, pero non declaradas legalmente pola persoa beneficiaria.
- ✦ **10 inspeccións de axudas de emerxencia social, para** comprobación material da inversión cando, se trate de axudas para garantir ou mellorar a habitabilidade da vivenda ou a dotación co equipamento básico e no expediente non quede suficientemente acreditada a xustificación da axuda.
- ✦ **5 inspeccións a entidades tutelares de persoas con discapacidade**

^ **Inspección dos 3 programas e convenios de colaboración no ámbito de menores en situación de desamparo**

b) Facilitarase a comunicación coas entidades prestadoras fomentando a presentación electrónica de documentación e permitindo o intercambio de información e datos a través da aplicación RUEPSS

c) Editarase un sitio web no que se desenvolvan información sobre a inspección de servizos sociais, as súas funcións e compromisos de calidade

d) Coordinación interna das actividades de control

3.3 Liña 3: Calidade e acreditación. *Unha das funcións da inspeccións e verificar o nivel de calidade dos servizos sociais e realizar accións e recomendación para a súa mellora continua. Neste senso durante o ano 2012 acometeránse as seguintes actuacións:*

- ^ Deseño e implantación do procedemento para a acreditación de servizos de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia mediante o desenvolvemento dun sistema de avaliación on-line dos servizos que soliciten a acreditación, que subministre a información necesaria para a realización das auditorías para a concesión da acreditación e para as autoavaliacións anuais que deben realizar as entidades xestoras dos servizos acreditados,
- ^ Dirección e coordinación da terceira fase do proxecto de estandarización de procedementos de funcionamento dos centros públicos e privados de atención a menores de protección na comunidade autónoma de Galicia, consistente na:
 - Revisión dos procedementos documentados na primeira e segunda fase dos traballos e supervisión da efectiva implantación dos mesmos nas entidades implicadas (procesos de ingreso e acollida en centros, protocolo sanitario, réxime de visitas, comunicacións e saídas, protocolo de tramitación de suxestións e reclamacións e o protocolo en materia de reforzos educativos e medidas correctivas, protocolos de memoria e programación anual de actividades, elaboración e seguimento do PEIe o protocolo de saída dos centros).
 - Elaboración e aprobación de aló menos dous protocolos máis no ámbito deste proxecto de conformidade coa planificación prevista dos traballos

3.4 Liña 4: Formación e capacitación. *Esta liña de actuación trata de garantir unha formación básica do persoal inspector de servizos sociais e unha formación continua do mesmo a traves da*

realización de cursos de capacitación ou facilitando la participación nas accións formativas impartidas por outras entidades públicas ou privadas.

- ^ No segundo semestre do ano realizarase o segundo "Curso de capacitación para o desempeño da función de de inspección de servizos sociais" que actualmente xa é un requisito imprescindible para acceder a estes postos. Este curso, ampliará este ano as prazas ata os 40 alumnos, terá unha duración de 120 horas e impartirase, na modalidade mixta de formación presencial e teleformación, no marco do programa de formación continua da EGAP para o ano 2012.

3.5 Liña 5: Mellora e renovación da normativa en materia de servizos sociais. *A evolución dos servizos sociais así como a creación do sistema de atención á dependencia requiren a regulación de novos instrumentos que garantan o desenvolvemento da lei estatal e da propia lei autonómica de servizos sociais .*

3. OBXECTIVOS DE CADA UN DOS SERVIZOS DE INSPECCIÓN:

3.1 Servizo de inspección de familia e menores

Na área de menores reforzarase a liña de traballo iniciada pola inspección durante o ano 2011 para garantir a implantación dos protocolos de funcionamento dos centros de menores de protección. Ademais disto establécense os seguintes obxectivos:

- Envío de controis de legalidade á totalidade de centros de menores a principios de ano **(81)**
- Inspección do 100% dos centros de menores **(87)**
- Inspección da totalidade dos centros propios de titularidade da Xunta de Galicia **(14)** co fin de elaborar un informe comparado, que permita acadar unha visión global sobre o funcionamento destes centros e facer unha valoración sobre a súas necesidades.
- Realización de visitas de inspección para a concesión do inicio de actividades ou para autorizar as modificacións substanciais nun prazo máximo de 5 días dende que a documentación do expediente está completa **(estimación: 10)**.
- Tramitación do 100% das denuncias e queixas recibidas das que se dará resposta aos interesados nun prazo inferior a 15 días **(estimación: 5)**.
- Elaboración de aproximadamente informes de asesoramento previo solicitados tanto por entidades públicas como privadas no prazo máximo de 15 días **(estimación: 4)**.
- Elaboración do protocolo xeral de inspección na área de menores.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

- Seguimento revisión dos protocolos de centros de menores de protección, coordinando o grupo de traballo, así como elaboración de dous novos protocolos
- Inicio da inspección aos programas na area de menores desenvolto por entidades do sector no marco do desenvolvemento de convenios de colaboración **(estimación 2)**

MENORES

Provincia	Núm. de centros			Visitados no	Visitados no	Previstos 2012
	2010	2011	2012	2010	2011	
A Coruña	22	22	23	22	22	23
Lugo	16	15	15	13	16	15
Ourense	16	18	15	19	16	15
Pontevedra	35	36	34	23	34	34
Total	89	91	87	78	88	87

Na área de infancia establécense os seguintes obxectivos:

- Envío de controis de legalidade á totalidade de centros de infancia **(413)**.
- Inspección **de 470** de centros de atención á infancia, o que supón o **86%** deles.
- Realización das visitas de inspección para a concesión do inicio de actividades ou para autorizar as modificacións substanciais solicitadas polas entidades nun prazo máximo de 5 días dende que a documentación do expediente está completa **(estimación:40 visitas)**
- Tramitación das denuncias nun prazo inferior a 15 días **(estimación:55)**
- Colaboración con outras unidades administrativas en cuestións tales como:
 - Elaboración dos informes para a concesión de subvencións a centros de atención á infancia tanto dependentes de entidades locais como entidades de iniciativa social.
 - Seguimento do destino das subvencións concedidas.
- Elaboración dos informes de asesoramento previo solicitados tanto por entidades públicas como privadas no prazo máximo de 15 días **(estimación 10)**
- Modificación dos protocolos de inspección dos centros dos centros de infancia, fortalecendo aspectos relacionados coa proposta pedagóxica e cos dereitos dos usuarios, así como o control dos requisitos establecidos nas ordes de subvencións para aquelas escolas de iniciativa social e escolas dependentes de entidades locais que reciben financiamento público, incrementando así mesmo o control para a garantía dos dereitos de usuarios perceptores do cheque infantil.

INFANCIA

Escolas infantís, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas.

Provincia	Núm. de centros			Visitados no 2010	Visitados no 2011	Previstos 2012
	2010	2011	2012			
A Coruña	211	245	226	164	141	190
Lugo	57	53	63	36	26	55
Ourense	67	49	71	42	27	65
Pontevedra	167	167	184	146	121	170
Total	502	514	544	388	315	470

Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional.

- ⋄ Inspeccionarase a totalidade de Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional. Dende este ano contarase cos cuestionarios remitidos polas familias adoptante dende a web como información básica para as inspeccións.
- ⋄ Elaborarase o protocolo xeral de inspección para facilitar ás entidades colaboradoras de adopción internacional os criterios e os requirimentos da inspección no control destas entidades
- ⋄ Durante o ano 2012 prevese a implantación dunha ferramenta informática que facilite o control e o seguimento da xestión realizada por estas entidades.

ECAIS

Provincia	Núm. de centros			Visitadas no 2010	Visitadas no 2011	Previstas 2012
	2010	2011	2012			
A Coruña	3	2	3	3	0	3
Pontevedra	5	2	5	5	3	5
Total	8	4	8	8	3	8

Na área de familia establécense os seguintes obxectivos:

- Inspección da totalidade dos puntos de encontro familiar e regularización dos que aínda están pendentes da execución de obras para a concesión de permiso de inicio de actividades **(pendentes:4)**.
- Elaboración do protocolo xeral de inspección para os puntos de encontro familiar.

PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

Provincia	Num de centros			Visitados no 2010	Visitados no 2011	Previstos no 2012
	2010	2011	2012			
A Coruña	3	3	3	2	3	3
Lugo	1	1	1	1	1	1
Ourense	1	1	1	1	1	1
Pontevedra	2	2	2	2	1	2
Total	7	7	7	6	7	7

* 4 pendentes de regularización e da obtención do permiso de inicio de actividade

Obxectivos do servizo:

- 1.- Inspección de calidade ou ordinarias de **470** centros de infancia, o que supón o **86%** dos centros de infancia.
- 2.- Inspección de calidade ou ordinarias de **87** centros de menores, o que supón o **100%** dos centros de menores, e **2** programas
- 3.- Inspeccións ordinarias de **8** ECAIS, o que supón o **100%** destas entidades.
- 4.- Inspección dos **7** puntos de encontro familiar
- 5.- Remisión dos controis de legalidade aos dos centros de infancia
- 6.- Remisión dos controis de legalidade aos centros de menores.
- 7.- Elaboración de informes semestrais do funcionamento dos centros do Consorcio.
- 8.- Realización visitas de inspección para o inicio de actividades ou para autorizar as modificacións substanciais nun máximo de **5** días (**estimación 85**).
- 9.- Tramitación da totalidade das denuncias das cales se dará contestación nun prazo inferior a 15 días (**estimación 60**).
- 10.- Realización de informes de asesoramento previo solicitados tanto por entidades públicas como privadas no prazo máximo de 15 días (**estimación 29**).
- 11.- Seguimento do destino subvencións concedidas no ano 2011 e elaboración dos informes sobre solicitudes de axudas por parte de entidades nesta área con base na información recollida nas visitas de inspección.

6.2 Area de comunidade e inclusión social.

PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

Durante o ano 2012 farase un seguime das actividades das entidades privadas de SAF, consistente en:

- Envío no mes de xaneiro dos controis de legalidade á totalidade das entidades privadas **(189)**.
- Inspección a **130** empresas de axuda no fogar privadas.
- Realización de **10 visitas de libranzas/cheque en domiciliarias** por provincia co obxecto de comprobar: a verificaci3ns dos servizos establecidos no PAI, a verificaci3n dos servizos prestados a trav3s de libranzas/cheques, as3 como os servizos prestados a usuarios dependentes a trav3s dos Concellos.
- Revisi3n e visado do 100% das normas internas de funcionamento dos servizos que se remitan polas entidades adaptandoos 3 normativa vixente.
- Proceder a baixa de oficio de aqueles programas de axuda no fogar nos que se constate a falta de funcionamento, co fin de manter o rexistro actualizado.

SAF PRIVADO

Núm. Entidades		Entidades visitadas	Previsi3n 2012
2011	2012		
171	189	142	130

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

No ano 2012 continuarase co obxectivo de asesorar e regularizar o programa de axuda no fogar nos concellos que a3nda non contan co permiso de inicio de actividades para prestar o programa **(35)** e traballarase m3is intensivamente con aqueles Concellos nos que est3 constatado que o funcionamento dos servizos comunitarios, especialmente o programa de axuda no fogar 3 deficiente

En relaci3n co resto dos Concellos:

- Asesorarase e revisarase as Ordenanzas dos Concellos, que debido a entrada en vigor do Decreto de servizos comunitarios, acorden revisar as ordenanzas xa visadas polo servizo de inspecci3n, especialmente no referido ao novo sistema de copago do servizo
- Realizaranse 90 visitas a diferentes Concellos co obxecto de controlar a calidade dos programas comunitarios que est3n a desenvolver e para verificar o destino das subvenci3ns que perciben para os distintos programas (plan concertado) incluído os pagos efectuados para a atenci3n aos usuarios dependentes.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

- Fortaleceranse os dereitos dos usuarios do SAF mediante a realización de aló menos **5 visitas domiciliarias** por provincia, a usuarios do sistema da dependencia que reciben os servizos a través dos Concellos.

Núm. Concellos/Servizos comunitarios	Visitados 2011	Previstos 2012
315	59	90

PROGRAMAS SUBVENCÍONS E CONVENIOS

No presente ano:

- Realizaranse **6** inspeccións de seguimentos de subvencións, contratos, convenios solicitados polas distintas unidades xestoras.
- Realizaranse **4** visitas de inspección do programa de apoio a mobilidade persoal (065), no que se comprobará o grao de cumprimento da normativa de aplicación das empresas adxudicatarias do servizo.
- Realizar **20** inspeccións de seguimento de expedientes de RISGA co obxectivo de constatar, na medida do posible, a veracidade de determinados datos que obran nos expedientes administrativos de concesións das prestacións.
- Realizar **10** inspeccións de Axudas de Emerxencia Social, tratando de constatar que a axuda se destinou a finalidade para a que foi concedida.

	INSPECCIONS 2011	PREVISTAS 2012
Programa Apoio á mobilidade persoal (065)	4	4
Subvencións e Convenios	6	6
Seguimento de 20 exp. usuarios de RISGA	0	20
Seguimento de 10 exp. Axudas de Emerxencia Social	0	10

CENTROS DEPENDENTES DOS CONCELLOS (centros de día, vivendas comunitarias), CENTROS DE IGUALDADE E CENTROS DE INCLUSIÓN:

- No mes de xaneiro enviaranse controis de legalidade á totalidade dos centros desta área (**57**)
- Visitarase o **100%** dos centros actualmente autorizados reforzando o asesoramento para incrementar a calidade dos servizos prestados.
- Realizarse o seguimento do destino das subvencións concedidas á totalidade dos centros incluídos no plan.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

	Nº de centros		Visitados 2011	Previstos no 2012
	2011	2012		
Centros Inclusión	39	46	31	46
Centros sociais de Saúde Mental	4	4	1	4
Centros Igualdade	11	11	5	11
Centros Sociais	79	79*	5	6
Centros de día de maiores (comunitarios)	16	12	9	12
Vivendas comunitarias maiores (comunidade)	6	8	6	8

Nota: 45 CENTROS SOCIAIS son centros propios.

CENTROS DE INCLUSIÓN

No que se refire aos centros da área de inclusión:

- Incidirase, especialmente, para que as entidades implanten proxectos de inserción individualizados para cada un dos usuarios.
- Informarase e asesorarase as entidades para que soliciten a valoración da dependencia dos seus usuarios e se proceda, cando sexa oportuno, á derivación dos máis dependentes a servizos axeitados co seu grao e nivel.

Proseguirase o proceso de regularización dos centros pendentes de autorización, a estes efectos realizaranse reunións coas entidades que iniciaron o procedemento de regularización dos centros pero que por diversas circunstancias, fundamentalmente de carácter estrutural, non contan con autorización de inicio de actividades. Tamén se reforzará o asesoramento e se realizarán visitas a entidades que contan con centros de inclusión en funcionamento pero sen autorización, co obxecto de calificar os servizos que prestan, e instalas para que inicien o procedemento para a súa regularización.

CENTROS DE INCLUSIÓN PENDENTES DE REGULARIZACIÓN

Núm.centros	Regularizados 2011	Previstos regularizar no 2012
17	8	9

Obxectivos do servizo:

- 1.- Remisión dos controis de legalidade ao 100% dos programas de SAF privados autorizados e dos centros de inclusión e emerxencia social **(246)**
- 2- Finalizar a regularización do procedemento de autorización de **9** centros de inclusión que están en funcionamento.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

- 3.- Realización das inspeccións para o inicio de actividades ou modificación substancial de centros ou programas no prazo máximo de 5 días dende que a documentación do expediente estea completa. (estimación: 35 informes de inicio de actividade e de **10 visitas** de inspección)
- 4.- Inspección de **130** programas de axuda no fogar
- 5.- Realización de **10 visitas domiciliarias de libranzas/cheque** vinculadas ao programa de axuda no fogar.
- 6.- Inspección dos programas de servizos sociais comunitarios en **90 Concellos** (persoal, axuda no fogar, RISGA, educación familiar, et...). Daráselle especial preferencia ao programa de axuda no fogar da dependencia.
- 7.- Realización de **5 visitas domiciliarias** a usuarios do sistema da dependencia co obxecto de comprobar a efectividade e calidade dos servizos que se lles prestan a través dos Concellos.
- 8.- Realización de **4 visitas as empresas** adxudicatarias do programa de apoio a mobilidade persoal (065)
- 9.- Seguimento do destino das subvencións, concertos, convenios concedidas no ano 2011-2012 a **6 entidades** que realizan distintos programas sociais.
- 10.- Realización de **20** inspeccións de seguimento de expedientes de **RISGA**
- 11.- Realizar **10** inspeccións de **Axudas de Emerxencia Social**, tratando de constatar que a axuda se destinou a finalidade para a que foi concedida.
- 12.-.- Inspección de **87** centros correspondentes ao ámbito de actuación do servizo dos cales **46 son de inclusión, 11 de mulleres vítimas de violencia de xénero, 12 centros de día, 8 vivendas comunitarias de maiores municipais e 4 centros de saúde mental e 6 centros sociais propios.**
- 13.- Realización de 2ª visitas a aqueles centros ou programas que precisen maior seguimento (estimación **5** visitas de seguimento)
- 14.- Tramitación do **100%** das denuncias nun prazo inferior a 15 días. (estimación: 45 denuncias e realización de **5** visitas)
- 15.- Elaboraranse **40** informes dirixidos aos distintos departamentos de xestión da Consellería sobre deficiencias detectadas e os seguimento das axudas aos centros e ás entidades de inclusión previstas no plan.
- 15.- Realización do 100% das visitas e reunións de asesoramentos previos no prazo de 15 días dende a solicitude da entidade.

6.3. Area de maiores, discapacidade e dependencia

6.3.1.- Proceso de autorización.

Durante o ano 2011, continuouse coa regularización dos centros que pese a estar en funcionamento non contaban coa correspondente autorización definitiva. Así, 3 centros obtiveron permiso definitivo na área de maiores e 4 na área de discapacidade.

Malia o anterior, compre mencionar que aínda teñen pendente o proceso de regularización, para acadar o permiso de inicio de actividade, 9 centros na área de maiores e 8 na área de discapacidade, dos cales se atopan en tramitación 2 na área de maiores e 4 na área de discapacidade.

Asemade, existen 12 centros na área de discapacidade que contan con permiso de inicio de actividades provisional caducado, dos cales 8 están en proceso de regularización para a obtención do permiso de inicio de actividade definitivo.

CADRO RESUME CENTROS EN FUNCIONAMENTO SEN AUTORIZACIÓN OU CON PIA PROVISIONAL *(centros antigos en tramite de regularizacion)

	Núm. centros con permiso provisional	Núm. centros sen autorización	En tramitación
Centros de maiores	0	9	2
Centros de discapacidade	12	8	12
Total	12	17	14

Tendo en conta o exposto, fíxanse como obxectivos desta área no proceso de autorización os seguintes:

- Impulsar o proceso de regularización dos centros que están funcionando sen contar coas pertinentes autorizacións ou que contan con autorizacións provisionais.
- Realización das visitas de inspección previas ao permiso de inicio de actividade, no prazo máximo de 5 días dende que a documentación do expediente estea completa
- Realización das visitas de inspección previas á autorización de modificacións substancial no prazo máximo de 5 días dende que a documentación do expediente estea completa

6.3.2.- Proceso de inspección

Dentro deste proceso englobamos os controis de legalidade, os controis de calidade, a xestión das denuncias recibidas tanto dos usuarios como dos centros e a tramitación dos expedientes sancionadores. En consecuencia, os obxectivos son os que a continuación se indican:

- Remisión do control de legalidade á totalidade dos centros, a excepción dos centros clasificados como Fogares/Clubes.
- Colaboración na elaboración das normas de funcionamento interno comúns aso centros de titularidade da Consellería de Traballo de xestión propia e visado das mesmas.
- Seguimento continuo do cumprimento da normativa vixente, así como control da calidade prestada polos centros de servizos sociais. Para isto se realizarán as seguintes visitas de inspección:
 - Inspección do 50% dos centros de maiores e discapacitados de titularidade da Xunta de Galicia, de xestión propia (11 área maiores; 3 área discapacitados).
 - Inspección do 100% dos centros de discapacitados de titularidade da Xunta de Galicia, de xestión externa (4 centros).
 - Inspección do 70% dos restantes centros de discapacitados (130 centros)
 - Inspección do 70% dos restantes centros de maiores (263 centros),
 - Realización dunha 2ª visita de comprobación nos casos de que a gravidade das deficiencias así o requira.
 - Inspección das Fundacións Tutelares e dos centros de servizos sociais que dependen das mesmas (5 Fundacións).
 - Xestión da totalidade das denuncias presentadas no prazo máximo de 15 días dende a súa recepción, ou ben dende a realización da visita de inspección ou dende a recepción do informe solicitado ao centro, no caso de que estas actuacións sexan necesarios para á correcta resolución da queixa.

Nas inspeccións ordinarias verificarase a elaboración e implantación dos seguintes protocolos de actuación, conforme aos criterios previsto no protocolo de inspección do servizo: modificación da capacidade das persoas, medidas de suxeición físicas, control e administración da medicación e caídas. Asemade, constatarase o cumprimento da rateo mínima de persoal e que os servizos básicos se están prestando por persoal coa cualificación profesional adecuada. Finalmente, verificarase a forma de pago e

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

facturación, co obxecto de comprobar que o prezo que satisfacen os usuarios/as coincide co pactado no contrato de prestación de servizos e co importe dos servizos complementarios.

CENTROS DE MAIORES

	Núm. centros maiores no 2011	Núm. centros maiores no 2012	Núm. centros visitados 2011	Núm. visitas previstas 2012
Centros da Xunta de xestión propia	22	22	11	11
Centros da Xunta de xestión privada	21	21	13	15
Restantes centros de maiores	419	457	394	248
Total	424	462	418	274

CENTROS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

	Núm. centros discapacidade 2011	Núm. centros discapacidade no 2012	Núm. centros visitados 2011	Número visitas previstas 2012
Centros da Xunta de xestión propia	5	5	3	3
Centros da Xunta de xestión privada	4	4	4	4
Restantes centros de discapacitados	181	187	129	130
Total	181	196	136	137

6.3.3.- Proceso de colaboración e coordinación con outras unidades administrativas.

- Realización de visitas de inspección aos centros de titularidade da Xunta e aos centros de titularidade privada con prazas concertadas, co fin de verificar o cumprimento do contrato administrativo asinado, así como co obxecto de colaborar na prestación dun servizo de calidade no caso dos centros públicos de xestión propia.
- Inspección das libranzas vinculadas ao servizo nos centros de atención diúrna e atención residencial.
- Asesoramento na redacción de pregos de prescricións técnicas reguladores dos contratos de xestión de servizos para a explotación de centros de servizos sociais.

Subdirección xeral de autorización e inspección de servizos sociais

- Inspección de cursos, programas e convenios de colaboración asinados pola Consellería con entidades prestadoras de servizos sociais na área de maiores e discapacitados, co fin de comprobar a correcta xestión e aplicación dos fondos públicos.

	Inspeccións no 2010	Inspeccións no 2011	Previstos no 2012
Subvencións e Convenios	6	12	8

Obxectivos do servizo:

- Completar o proceso de regularización dos centros de atención a persoas maiores e de atención a persoas con discapacidade que están en funcionamento (estimación **8**)
- Inspección do 50% dos centros de maiores e discapacitados de titularidade da Xunta de Galicia de xestión propia (estimación **14**)
- Inspección do 100% dos centros de discapacitados de titularidade da Xunta de Galicia de xestión externa (estimación **4**)
- Inspección do 70% dos restantes centros de discapacitados (estimación **130** centros)
- Inspección do 70% dos restantes centros de maiores (estimación **263**)
- Realización de 2ª visitas a aqueles centros que precisen maior seguimento (estimación **5**)
- Inspección das Fundacións Tutelares e dos seus centros asociados (estimación **5**)
- Remisión dos controis de legalidade ao 100% dos centros de maiores e discapacidade
- Tramitación do 100% das denuncias nun máximo de 15 días. (estimación denuncias con visitas **35**)
- Realización do 100% das inspeccións para o inicio de actividades ou modificacións substanciais de centros ou programas no prazo máximo de 5 días dende a solicitude de informe técnico. (estimación **37**)
- Realización de visitas de asesoramentos previo no prazo máximo de 15 de días dende a recepción da solicitude. (estimación **3**)
- Realización do 100% das reunións para asesorar sobre os diversos procesos de autorización no prazo máximo de 15 dende a recepción da solicitude.

6.4 CONCLUSIÓNS:

Resume obxectivos de inspección previstos pola unidade para o ano 2012

Inspeccións previstas en 2011	Inspeccións realizadas en 2011	Previstas en 2012
1594	1428	1627

Desglose obxectivos por servizos:

	Familia e menores	Maiores e discapacidade	Inclusión e serv.comunitarios	Total
Nº de inspeccións previstas no Plan 2011	621	631	342	1594
Nº de inspeccións realizadas no 2011	477	622	329	1428
Nº de inspeccións previstas no Plan 2012	696	504	427	1627

